

O Tribunal das probas selectivas referidas no encabezamento, da Universidade de Santiago de Compostela, acordou na reunión celebrada o día 1 de marzo de 2024, establecer e publicar as seguintes **instrucións e criterios de corrección para a celebración do cuarto exercicio**:

Cuarto exercicio: obrigatorio e non eliminatorio.

1. Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de 30 preguntas tipo test, mais 3 de reserva, con tres respostas alternativas das que só unha será a correcta, propostas polo tribunal e correspondentes ao bloque de coñecementos non específicos do programa.
2. O tempo para a súa realización será de 40 minutos, e valorarase de 0 a 5 puntos.
3. As preguntas de reserva substituirán, se fose o caso, ás anuladas pola súa orde.
4. As respostas incorrectas non puntuarán negativamente.
5. As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou de documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como de lapis do número 2 e goma de borrar.
6. Non se permitirá o acceso ás aulas en que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.
7. Consonte coa base 7.2 da convocatoria as persoas aspirantes poderán, no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da realización do exercicio, presentar reclamacións ás preguntas formuladas no exercicio.

Santiago de Compostela

O presidente do Tribunal

Victor Manuel Arce Vázquez

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Taboleiro electrónica da sede electrónica. Páxina web das convocatorias de PAS.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VICTOR ARCE VAZQUEZ, NIF ***4634**, 01/03/2024 17:43:12.

CSV: A8CC-DC29-4734-8F24